Feijóo, o mordomo de Amancio Ortega

O Partido Comunista Obreiro Español, desde o seu nacemento, denunciou sempre a situación laboral nos diversos sectores da sociedade. Sexa no campo ou na cidade, non hai recuncho onde o capitalismo non asfixie aos traballadores que deixan a súa pel por levar diñeiro ás súas familias e ter algo de comer neste sistema que só xera miseria aí onde se establece. Denunciamos a situación precaria dos traballadores do sector tecnolóxico, do metal, do transporte, da educación… Situacións adversas as cales nos levan, na maioría das ocasións, a enfermar. Por iso, a Sanidade é un piar fundamental no noso día a día, tendo en conta que, por exemplo, en 2018 houbo 187.332 traballadores que tiveron que pedir unha baixa laboral por motivos de sobreesforzo físico, converténdose na principal forma de lesión durante unha xornada laboral ese ano.
Sen embargo, e como enésima proba de que un Estado Burgués nunca poderá protexer ás clases populares, a Sanidade galega durante o goberno do Partido Popular personificado en Feijóo sufriu e sofre unha serie de recortes tanto a nivel de persoal como a nivel de infraestrutura que a incapacitan como un servizo público e gratuito, fronte á sanidade privada que a base de concertos saca peito e liquidez coa necrose da primeira. Non é segredo para ninguén que fronte a crise do coronavirus, as poucas vergoñas que a Xunta de Galicia tiña escondidas en materia de saúde saíron a relucir en todo o seu esplendor.

O nivel criminal dos psicópatas que gobernan este Estado Fascista é tal que o pasado 28 de Marzo, en A Coruña e con motivo do aniversario do explotador e chupa-sangue Amancio Ortega, un convoi de ambulancias do 061 saíron ás 21:00 enfronte da casa do devandito empresario a felicitarlle o día. Máis aínda, tivemos que escoitar a Alberto Núñez Feijóo agradecer e cualificar como indispensables as doazóns da multinacional Inditex. É dicir, aínda encima que o sistema

público atópase feble debido á necesidade de acumulación de cada vez máis capital do sector privado, son os celadores e enfermeiros públicos quen teñen que aplaudir a "boa fe" dun bandido que deixou caer un par de moedas para parecer impune.

Por suposto, nin que dicir ten que ningunha das costureiras galegas ás que Amancio Ortega espremeu ata a última peseta se presentou na celebración do seu aniversario. Tampouco lle renderon tributo os traballadores en réxime de escravitude das súas fábricas en Brasil, polas cales foi condenado, nin as mulleres e nenos de Asia que son vítimas da máis crúa explotación e miseria. É curioso que a preocupación de tal ser de luz pola saúde do ser humano sexa tan desigual dependendo do momento e do lugar no que se atope.

Feijóo e todo o espectro político galego parlamentario débenlle moito a Amancio Ortega, porque todos son mordomos do capitalismo e do sufrimento dos traballadores. E ante a precarización das estruturas públicas, do emprego, da vida dos traballadores, aparecen cortinas de fume, aparecen Xudas a quen eloxiar e rezar.

Ao remate do Estado de Alarma, a crise social e económica que lle espera ao mundo non a esqueceremos, como tampouco deberemos esquecer que ningún empresario, ningún burgués nin servente do Estado o reconstruirá. Serán eles os que nos pidan esforzos á clase traballadora, que aguantemos ate que cheguen tempos mellores, porque no fondo saben que o mundo non o sustentan eles, senón que somos nos quen engraxamos e facemos xirar as engrenaxes do mundo.

Nunha intervención feita polo PCOE en febreiro de 2020 transmitíamos ao pobo a necesidade da construcción da Fronte Única do Pobo, dun so puño que destrúa o capitalismo e constrúa unha nova sociedade onde quen traballa sexa realmente o posuidor dos medios de produción. Esa realidade, a medida que avanzamos na historia, faise cada vez máis necesaria. As contradicións de clase vanse facer moito máis patentes do que

xa o son e, organizados, conseguiremos sen lugar a dúbidas esmagar á clase parásita que non fai máis que dano neste mundo. So nese momento seremos quen de aplaudir a nosa vitoria.

Socialismo ou barbarie!

Só podemos perder as nosas cadeas!
Secretaría de Propaganda do PCOE en Galiza

Feijóo, el mayordomo de Amancio Ortega

El Partido Comunista Obrero Español, desde su nacimiento, denunció siempre la situación laboral en los diversos sectores de la sociedad. Sea en el campo o en la ciudad, no hay rincón donde el capitalismo no asfixie a los trabajadores que se dejan su piel por llevar dinero a sus familias y tener algo de comer en este sistema que solo genera miseria ahí donde se establece. Denunciamos la situación precaria de los trabajadores del sector tecnológico, del metal, del transporte, de la educación… Situaciones adversas las cuáles nos llevan, en la mayoría de las ocasiones, a enfermar. Por eso, la Sanidad es un pilar fundamental en nuestro día a día, toda vez que, por ejemplo, en 2018 hubo 187.332 trabajadores que tuvieron que pedir una baja laboral por motivos de sobreesfuerzo físico, convirtiéndose en la principal forma de lesión durante una jornada laboral ese año.
Sin embargo, y como enésima prueba de que un Estado burgués nunca podrá proteger a las clases populares, la Sanidad gallega durante el gobierno del Partido Popular personificado en Feijóo sufrió y sufre una serie de recortes tanto a nivel de personal como a nivel de infraestructura que la incapacitan como un servicio público y gratuito, frente a la sanidad privada que a base de conciertos saca pecho y liquidez con la necrosis de la primera. No es secreto para nadie que frente a la crisis del coronavirus, las pocas vergüenzas que la Xunta de Galicia tenía escondidas en materia de salud salieron a relucir en todo su esplendor.

El nivel criminal de los psicópatas que gobiernan este Estado Fascista es tal que el pasado 28 de Marzo, en A Coruña y con motivo del aniversario del explotador y chupa-sangre Amancio Ortega, un convoy de ambulancias del 061 salieron a las 21:00 enfrente de la casa de dicho empresario a felicitarle el día. Más aún, tuvimos que escuchar a Alberto Núñez Feijóo agradecer y calificar como indispensables las donaciones de la multinacional Inditex. Es decir, aún encima de que el sistema público se encuentra endeble debido a la necesidad de acumulación de cada vez más capital del sector privado, son los celadores y enfermeros públicos quienes tienen que aplaudir la "buena fe" de un bandido que dejó caer un par de monedas para parecer impune.

Por supuesto, ni que decir tiene que ninguna de las costureras gallegas a las que Amancio Ortega exprimió hasta la última peseta se presentó en la celebración de su aniversario. Tampoco le rindieron tributo los trabajadores en régimen de esclavitud de sus fábricas en Brasil, por las cuáles fue condenado, ni las mujeres y niños de Asia que son víctimas de la más cruda explotación y miseria. Es curioso que la preocupación de tal ser de luz por la salud del ser humano sea tan desigual dependiendo del momento y del lugar en el que se encuentre.

Feijóo y todo el espectro político gallego parlamentario le deben mucho a Amancio Ortega, porque todos son mayordomos del capitalismo y del sufrimiento de los trabajadores. Y ante la precarización de las estructuras públicas, del empleo, de la vida de los trabajadores, aparecen cortinas de humo, aparecen Judas a quién elogiar y rezar.

Al final del Estado de Alarma, la crisis social y económica que le espera al mundo no la olvidaremos, como tampoco deberemos olvidar que ningún empresario, ningún burgués ni sirviente del Estado lo reconstruirá. Serán ellos los que nos pidan esfuerzos a la clase trabajadora, que aguantemos hasta que lleguen tiempos mejores, porque en el fondo saben que el

mundo no lo sustentan ellos, sino que somos nosotros quienes engrasamos y hacemos girar los engranajes del mundo.

En una intervención hecha por el PCOE en febrero de 2020 transmitíamos al pueblo la necesidad de la construcción del Frente Único del Pueblo, de un solo puño que destruya el capitalismo y construya una nueva sociedad donde quien trabaja sea realmente el poseedor de los medios de producción. Esa realidad, la medida que avanzamos en la historia, se hace cada vez más necesaria. Las contradicciones de clase se van a hacer mucho más patentes de lo que ya son y, organizados, conseguiremos sin lugar a dudas aplastar a la clase parásita que no hace más que daño en este mundo. Solo en ese momento aplaudiremos nuestra victoria.

¡Socialismo o barbarie!

¡Solo podemos perder nuestras cadenas!
Secretaría de Propaganda del PCOE en Galicia